



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS QUE TIVERON LUGAR O DÍA 22 DE MAIO DE 2011.**

**Lugar : Casa do Concello**  
**Día: 11 de xuño de 2011**  
**Hora de comezo : 12.00 horas.**  
**Hora de remate : 12.30horas.**

Para dar cumprimento ó que se dispón polos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral , e artigos 36 e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, referentes á constitución das corporacións locais e a elección de alcalde, reúnense , en sesión pública, os señores concelleiros elixidos nas eleccións locais que tiveron lugar o día 22 de maio de 2011, que son os seguintes :

### **ASISTENTES :**

Don Adolfo Gacio Vázquez.  
Don Manuel Mouriño Varela.  
Don Antonio González Barral.  
Dona María Dolores García Couto.  
Dona Sonia Rodríguez Midón.  
Don Jesús Sanjuás Mera.  
Don Jesús José Santasmarinas Devesa.  
Dona Raquel García Fraga.  
Dona Adela Redondo Rendo.  
Don Xabier Canabal Fernández.  
Don David Paulino Calvelo Otero.

### **AUSENTES :**

Ninguén.

## ASUNTOS :

- 1 Constitución da mesa de idade.
- 2 Comprobación de credenciais.
- 3 Xuramento ou promesa dos concelleiros.
- 4 Declaración de constitución da Corporación.
- 5 Elección de alcalde.
- 6 Xuramento ou promesa do alcalde.
- 7 Acta de arqueo , inventario municipal e Fundación Pedro Pérez.

Asistidos polo secretaria da corporación, dona Elena Suárez Rodríguez, fai constar que foi cumprimentado o requisito que preceptúa o artigo 7º do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, como trámite previo legal para este acto.

### 1 Constitución da mesa de idade.

Procédese a formar a mesa de idade , integrada polo concelleiro electo de **maior idade** entre os asistentes, David Paulino Calvelo Otero, e polo de **menor idade** , tamén de entre os asistentes, Sonia Rodríguez Midón.

Actúa como secretaria a da corporación.

### 2 Comprobación de credenciais.

Constituída a mesa de idade, por esta procédese a comprobar as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, en base á certificación recibida da Xunta Electoral de Zona .

### 3 Xuramento ou promesa dos concelleiros.

Previa comprobación do cumprimento das esixencias determinadas polo artigo 195.4 da citada lei orgánica e do artigo 37.4 do referido regulamento, procédese a prestar xuramento ou promesa por cada un dos concelleiros / as asistentes segundo dispón o artigo 108 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril ( BOE do día 6 ) **utilizando a modalidade de xuramento os señores :**

Don Adolfo Gacio Vázquez.  
Don Manuel Mouriño Varela.  
Don Antonio González Barral.  
Dona María Dolores García Couto.  
Dona Sonia Rodríguez Midón.  
Don Jesús Sanjuás Mera.  
Don Jesús José Santasmarinas Devesa.  
Dona Raquel García Fraga.  
Dona Adela Redondo Rendo.

e de promesa os **señores** :

Don Xabier Canabal Fernández.  
Don David Paulino Calvelo Otero.

#### **4 Declaración de constitución da Corporación.**

Queda constituída a Corporación Municipal de Boqueixón.

#### **5 Elección de alcalde.**

De acordo co que dispón o artigo 196 da Lei orgánica 5/1985 de 19 de xuño procédese á proclamación de candidatos para a elección de alcalde, de entre os concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais, resultando presentados e proclamados os seguintes :

NOME E APELIDO DOS CANDIDATOS	LISTA OU CANDIDATURA NA QUE ESTÁN INTEGRADOS
Adolfo Gacio Vázquez	P.P.
Xabier Canabal Fernández	B.N.G.
David Paulino Calvelo Otero	P.S .de G. – P.S.O.E.

De acordo co que dispón o artigo 196 da Lei orgánica 5/1985 de 19 de xuño procédese á elección de alcalde.

Ten inicio a votación de acordo co que establece o artigo 196 da citada lei, para elixilo de entre os candidatos proclamados a dito cargo.

Obtense o seguinte resultado :

NOME E APELIDOS DE CADA CONCELLEIRO CANDIDATO	NÚMERO DE VOTOS OBTIDOS	
	EN LETRA	EN NÚMERO
Adolfo Gacio Vázquez	Nove	9
Xabier Canabal Fernández	Cero	0
David Paulino Calvelo Otero	Un	1

O sr. Canabal abstívose na votación da súa candidatura.

Queda proclamado alcalde electo, por ter maioría absoluta dos votos emitidos polos concelleiros /as, don Adolfo Gacio Vázquez , tal como prevé o artigo 196-B) da Lei orgánica 5/1985 , de 19 de xuño.

## **6 Xuramento ou promesa do alcalde.**

Inmediatamente o concelleiro que resulta elixido como alcalde deste concello, don Adolfo Gacio Vázquez integrado na lista do Partido Popular , previo xuramento, na forma anteriormente mencionada, toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, pasando a ocupar a presidencia.

## **7 Acta de arqueo , inventario municipal e Fundación Pedro Pérez.**

A continuación a secretaria – interventora le a acta de arqueo extraordinario redactada con motivo de constitución da nova corporación, acompañada de todos os documentos que xustifican as existencias en metálico da corporación, depositados na caixa municipal e en entidades bancarias, así como a documentación relativa ó inventario do patrimonio municipal, de acordo co preceptuado no número 2 do artigo 36 do regulamento de organización , funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e do que os resumes son os seguintes :

### ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIA CON MOTIVO DE CONSTITUCIÓN DE CORPORACIÓN.

Existencia intereses : 130.811,74 euros.

Inventario de bens ( activo ) : 18.165.178,26 euros.

Préstamos concertados polo concello ( pasivo ) : 986.111,11 euros.

### FUNDACIÓN PEDRO PÉREZ PÉREZ

Capital Fundacional : 198.333,99 euros.

Existencia intereses : 2.942,11 euros.

Por último, a secretaria le o artigo 38 do regulamento de organización , funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e do seu contido do que quedan enterados todos os asistentes.

A continuación o xa proclamado alcalde do concello, di o seguinte :

“ Señoras Concelleiras, Señores Concelleiros, ex Concelleiros, Señor Director Xeral de Xuventude e Voluntariado, señoras e señores :

Asumo de novo as responsabilidades de formar e presidir o goberno de Boqueixón e, como noutras ocasións, garanto a ilusión e o esforzo necesarios para non defraudar a confianza que en min depositades.

Este goberno conta con experiencia e o aval de moitos anos de gobernar, nos que os obxectivos propostos no discurso de toma de posesión anterior, alcanzáronse de sobra.

O máis importante, e do que me sinto máis satisfeito, é do consenso. Podo dicir con orgullo e lexítima satisfacción, que os grandes obxectivos propostos se aprobaron por

unanimidade, poñendo de manifesto , deste xeito, o permanente exercicio de diálogo entre goberno e oposición.

Quero que estas verbas , non só poñan de manifesto unha característica de goberno , senón que tamén , sirvan de recoñecemento e agradecemento ao labor da oposición, e especialmente do seu voceiro, don José Viaño Rey e o traballo tamén de don Juan Neira e don Perfecto Barcala .

En momentos en que a confrontación e crispación eran característica da acción política, fomos un exemplo de colaboración, entendemento, diálogo e consenso.

Oxalá poidamos manter , neste novo mandato que hoxe comeza , eses trazos distintivos que singularizaron o mandato que hoxe tamén finaliza.

Grazas tamén a todos os concelleiros que hoxe non están aquí , pero que acompañaron nesa tarefa de converter este concello en cada día mellor.

Estou convencido de que esta actitude aberta e de diálogo permanente é imprescindible para a adecuada xestión dos asuntos públicos . Por iso reiterarei , cantas veces sexa necesario, a posición de man tendida e de oferta permanente para atopar o consenso e o acordo.

E como primeira medida deixarei que o grupo mixto, no que se integran o concelleiro do BNG e do PSOE, teñan voz por separado en cada un dos puntos a tratar nos plenos. Durante estes anos fixéronse posible, e grazas ao apoio de todos e de todas (concelleiros ex concelleiros, ex alcaldes asociacións e veciños de Boqueixón ), proxectos moi importantes.

Elaboraranse diferentes programas para actividades de normalización lingüística, contra a violencia de xénero, de accesibilidade, de conciliación da vida familiar e laboral e para o fomento da igualdade.

Para levar a cabo este ambicioso programa de traballo é necesaria a achega de todos, e por elo convócoos a todos, aos políticos e funcionarios, aos profesionais e empresarios, ás asociacións e a tódolos veciños e veciñas para achegar as mellores reflexións, proxectos e propostas.

Para poder conseguir isto temos o vehículo da nosa vontade, traballo e acordo e a canle que nos proporcionan as constitucións, o estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico vixente, que expresan a vontade soberana do pobo ao que representamos e do que procede a lexitimidade para o exercicio da responsabilidade que asumimos.

Por iso solicítolle ó PSOE e ó BNG a súa colaboración para traballar xuntos en prol do progreso de Boqueixón.

Este debe ser o noso obxectivo común e tamén vai ser o noso gran reto para esta vindeira lexislatura, e poder conseguir o maior número de obras e servizos para os veciños de Boqueixón. Xa fixemos moitos como os seguintes:

- Emerxencias Boqueixón.

Ampliación e renovación do parque móbil

- Servizos sociais.  
Axuda a domicilio 60 usuarios / ano.
- Xantar na casa 29 usuarios / ano.
- Gardería municipal.
- Ximnasia ( Ledesma, Codeso, Camporrapado, Boqueixón, Lamas, Lestedo, Sergude), circuítos termais, falamos de ..., encontro de maiores, obradoiros de memoria.
- Actividades educativas.  
Becas de transporte, reforzo educativo, actividades extra escolares ( informática, inglés, baile, teatro , capoeira ), aula aberta ( escola de nais e pais ), prevención de drogodependencias, escola de inglés, concursos, festival das letras galegas, graduado ESO para adultos, tramitación de becas, presentación publicacións.
- Asociacionismo.  
Curso de xestión de asociacións.  
Asesoramento e trámite de actividades e subvencións.
- Orientación laboral.  
Información, orientación e busca de emprego.
- Formación.
- Obradoiros de emprego 2007 e 2010.
- Turismo  
Declaración da “festa da filloa” de Lestedo como festa de Galicia de interese turístico: 2008 .
- Planta potabilizadora en Orto con capacidade para 1.800.000 litros.  
Depósito Pico Sacro : 1.300.000 litros.
- Saneamento.  
12 pozos de bombeo.  
6 fosas depuradoras.  
5 depuradoras  
90 quilómetros de canalizacións.
- Medio ambiente  
498 contedores de recollida orgánica , 125 contedores de recollida selectiva, 25 de cartón, 35 de vidro, 40 pilas, 623 amarres de contedores.  
Contedores soterrados en Lestedo.  
Campañas de concienciación medioambiental.
- Renovación e ampliación parque móbil ( retroescavadora, varredora, furgonetas, tractores , motobomba )
- Actividades culturais.  
Obradoiros, cursos, visitas culturais, espectáculos de música, teatro, maxia, escolas de teatro ( alumnado CPI, Lamas , Lestedo, Camporrapado, Sergude ), exposicións, certame de bandas.
- Actividades lúdicas.  
Campamentos de verán, viaxes e excursións, sendeirismo / peregrinación.  
Ociotecas ( Camporrapado, Sergude, Forte, Lestedo ) , verán activo / nadal activo.

Cabalgata de reis.

Piscina.

- Envellecemento activo / actividade física e saúde.
- Infraestruturas
  - Viaria:
    - 32 quilómetros de aglomerado
    - 246 quilómetros de asfalto
    - 216 quilómetros de zahorra – macadam
    - 68 quilómetros de terra
    - 21 quilómetros de beirarrúas
- Acondicionamento rutas de sendeirismo
- Canalizacións, mantementos e humanización aldeas e prazas públicas.
- Melloras no pavillón e ximnasio do Forte
- Campo de fútbol de Boqueixón (melloras e herba artificial)
- Conservación e melloras no patrimonio rural . (Melloras nas igrexas , Ponte Ledesma )
- Parques infantís.
- Eliminación das barreiras nos locais sociais.
- Melloras nos alumeados públicos e aforro enerxético.
- Abastecemento :
  - 135 quilómetros de canalizacións
  - 2 captacións (Ríos Ulla e Pontillón)

Finaliza o Señor Alcalde dando as grazas.

Sen máis asuntos que tratar, o sr. alcalde asina esta acta e eu redacto a mesma como secretaria do concello.

A secretaria

O alcalde